

**A ESCRITA ELECTRÓNICA
GALEGA: TRADICIÓN,
INNOVACIÓN E RECEPCIÓN**

Estefanía Mosquera Castro
Universidade da Coruña

1. A INTERACCIÓN ELECTRÓNICA E A MUDANZA LINGÜÍSTICA

A lingua constitúe un dos sinais que mellor evidencia os cambios de tipo social que se producen ao longo do tempo e, nesta liña, tamén se ve sometida a diversas mudanzas, non só ortográficas, mais tamén fonéticas, morfosintácticas e sobre todo pragmáticas. Na realidade, estas constitúen o resultado dos distintos procesos de transformación que experimenta un idioma para se adaptar ás novas prácticas e ás novas necesidades comunicativas dos seus falantes, na medida en que conforma o seu principal vehículo para a interacción. Estas mudanzas evidencian que as linguas son organismos dinámicos e que cambian con base nunha serie de factores, o que desde os fundamentos do variacionismo laboviano conforma unha das súas principais idiosincrasias (Labov 1996). A este respecto, tamén Wardhaugh (1992: 37) considera que os distintos idiomas existen precisamente a través dunha serie de variedades e que, neste sentido, son a suma de todas elas.

E a pesar de que son múltiples os prismas desde os que pode ser analizada a mudanza lingüística e de que algúns deles presentan xa unha traxectoria certamente consolidada, como as análises de carácter diacrónico (Ferreiro 1999, 2001), diatópico (Fernández Rei 1990) e social (Sánchez Rei 2011), hodiernamente vira tamén imprescindible atendermos ás repercusións que na esfera lingüística causou o avance da tecnoloxía informática e, especialmente, das innovacións en materia de telecomunicacións. De acordo con Crystal (2011: 1), o contorno electrónico eríxese na actualidade na maior base de datos lingüística e, neste sentido, “we would expect to find linguists exploring it, to see what is going on”. Estamos perante un novo espazo de interacción –ás veces substitutivo, mais fundamentalmente complementario ao físico– en que se pode comprobar como diversos fenómenos lingüísticos que desde a perspectiva da norma se encontran perfectamente delimitados, neste contexto converxen e fúsiónanse na procura da máxima eficacia comunicativa. Mestúranse a oralidade e a escrita, os estilos coloquiais e a experi-

mentación lingüística creando novas formas de interacción que se transforman coa mesma rapidez que os sistemas de comunicación en que se utilizan.

Así, as prácticas lingüísticas que se poden atestar nas diferentes tipoloxías textuais electrónicas foron e en moitos casos aínda son entendidas –como comprobaremos máis adiante– como un fenómeno claramente negativo e inxustificado que atenta contra a variedade estándar das linguas e especialmente contra a súa ortografía (Cortés Conde 2010). Porén, se abordamos esta modalidade gráfica desde a perspectiva do variacionismo o razoábel sería xulgarmos que a súa aparición e as súas particularidades lingüísticas responden á necesidade de a lingua se apropiar do novo medio e de se adaptar ás propiedades técnicas e interactivas das diferentes aplicacións¹. Neste sentido, vira imprescindible asumirmos, de acordo con Fiormonte (2003: 112), unha nova perspectiva –á que el mesmo denominou *variación diatécnica*– desde a que nos aproximarmos do cambio lingüístico que repare nas mudanzas provocadas polo material tecnolóxico que soporta a comunicación. Será esta óptica a que facilitará entendermos esta realidade como un elemento positivo, na medida en que reflicte a funcionalidade e a versatilidade das linguas que se transforman e amplían o seu abano de rexistros para se amoldaren a todos os espazos en que os falantes precisen dela para se comunicaren.

2. A ESCRITA ELECTRÓNICA GALEGA

A lingua galega non permaneceu tampouco estática fronte á revolución tecnolóxica, mais ao contrario demostrou a súa vitalidade ao se facer tamén dona dos novos sistemas de interacción que foron xurdindo no contexto electrónico. Neste sentido, pode ser analizada desde unha óptica diatécnica e tamén con base nesa nova área de investigación coñecida xa como Lingüística da Internet (Crystal 2011). Así pois, os utentes deste idioma desenvolveron tamén diversos mecanismos lingüísticos que –como veremos– permiten paliar as restricións comunicativas impostas polos soportes dixitais e aproximaren estas *conversas gráficas* (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2010: 520) daquelas interaccións de natureza presencial. E se reparamos nos recursos lingüísticos que desenvolveron

¹ Neste punto, convén destacar fundamentalmente aquelas tipoloxías textuais con limitacións espaciais, cal as xa case obsoletas mensaxes de texto (Crystal 2008) ou a rede social Twitter (Tascón / Abad 2011), que tan só permiten 160 e 140 caracteres respectivamente e que obrigan o usuario a desenvolver ao máximo a súa creatividade lingüística.

outras linguas comprobaremos que estes presentan estreitas similitudes, o que non resulta estraño ao seren tamén comúns os obstáculos que motivan a súa aparición. Consoante sinala Crystal (2008: 119), “the one major point of difference is that they text in different languages”.

Mais a presenza da lingua galega no soporte electrónico non implica só a posibilidade de os investigadores se aproximaren de novas variedades lingüísticas con particularidades (orto)gráficas evidentes, mais tamén amplía as perspectivas de investigación doutras áreas lingüísticas máis consolidadas, na medida en que as características específicas do medio poden implicar novas aproximacións, tamén desde unha óptica variacionista. Neste punto, o afán de o usuariado conseguir a maior eficacia comunicativa –a pesar das limitacións– provocou en moitos casos novas motivacións para o uso da interferencia e da alternancia de códigos (Mosquera Castro 2015), ou das variedades diatópicas (Mosquera Castro 2016). De feito, serán os matices vinculados ao contexto social en que as linguas se utilizan os que doten de exclusividade as súas respectivas variedades electrónicas. E sobre este particular, a situación sociolingüística do galego, en tanto que idioma minorizado e aínda en proceso de normalización, dotará a escrita electrónica galega dunha entidade propia tanto no referente á súa proxección social como no relativo á natureza das súas estratexias lingüísticas.

Nas páxinas que seguen analizaremos a consideración social que suscitou e aínda suscita esta modalidade gráfica e tamén reflexionaremos sobre as motivacións que están por detrás dos seus mecanismos lingüísticos e sobre o grao de débeda ou de modernidade que estes presentan, facendo en ambos os casos especial fincapé nas particularidades que afectan a variedade galega. Para este propósito utilizaremos, para alén da literatura existente a este respecto, os datos obtidos a través dun inquérito de percepción (Mosquera Castro 2013a) sobre a escrita electrónica galega e no estudo lingüístico dun corpus formado por aproximadamente 1000 mostras de mensaxes de texto –das que o 80% procede fundamentalmente das SMS, e o 20% da mensaxaría instantánea e das redes sociais.

A respecto do cuestionario, cómpre sinalar que foi realizado en 2013 e divulgado a través das redes sociais, o que contribuiu para conformar un perfil de informantes diverso no relativo á procedencia xeográfica, mais tamén á idade e ao sexo. Foi cuberto por un total de 237 informantes e consta de 32 preguntas en que se interroga sobre diversas cuestións relativas ás mensaxes de texto, á escrita

reducida e á súa consideración social. Estas preséntanse en diversas modalidades –respostas fechadas, texto libre, escolla entre varias opcións etc. e figuran divididas en tres seccións: a primeira, destinada a determinar o perfil das persoas participantes, a segunda centrada na modalidade textual das mensaxes de texto; e a última e principal para o caso que nos ocupa, que fixa o interese na escrita electrónica (perfil do usuariado, estratexias lingüísticas, motivacións pragmáticas, e consideración social). En particular, serán especialmente relevantes os resultados obtidos nos ítems relativos á súa valoración e ás causas que a orixinaron².

En relación ao corpus, as mensaxes de texto foron extraídas dunha mostra máis ampla que serviu para a súa selección e compiladas a través de varios sistemas: en primeiro lugar, incorporamos as mensaxes que se xeraron como resultado dun concurso organizado pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL); en segundo lugar e após varias probas iniciais, seleccionamos varios informantes repartidos por toda a xeografía galega para que compilasen un conxunto de mostras representativo de todo o territorio; e en último lugar, creamos un formulario electrónico en formato de colaboración aberta que tamén foi difundido a través das redes sociais para que toda persoa que quixer colaborar enviase a súa mensaxe de texto en galego³. En todos os casos contamos con información de tipo persoal no referente á procedencia e ao sexo e, agás nas mensaxes obtidas a través da CGENDL, tamén sobre a idade dos participantes. Neste sentido, o noso corpus está agrupado principalmente segundo o bloque de idade a que pertencen as persoas usuarias (15-25, 26-40, +40) e, por súa vez, en función do sexo a que se adscriben.

2.1. Consideracións sobre a escrita electrónica galega

As prácticas lingüísticas que se xeraron no contexto electrónico alcanzaron unha enorme dimensión social, o que as converteu nun fenómeno que excede con moito a esfera funcional para a cal se desenvolveu. Neste sentido, é relevante comprobar como o ámbito da mercadotecnia se apropiou tamén destes códigos, na medida en que se converteron en moitos casos nun reclamo publicitario máis,

² Pode ser consultado completo na seguinte ligazón: <https://docs.google.com/forms/d/1YTWauQohsxdvkk4-nlDZqEub52ugG-exSQM-ResnWJc/viewform>.

³ Disponíbel no seguinte enderezo web: <https://docs.google.com/forms/d/1agDn3WhZwhacm5SDCUi-zHxvvehE3Fqr15WGGwqSNTDk/viewform>.

especialmente para as xeracións máis novas (Mosquera Castro / Wellings 2014). Así, para alén de se converter nun novo elemento que motivou a reflexión do colectivo lingüista (Mayans 2002), a súa socialización desencadeou tamén unha certa alarma entre a poboación, preocupada polos posibles perigos que estes códigos podían supor para a continuidade da variedade normativa. Sobre este particular, vira fundamental o traballo levado a cabo por Thurlow (2006), en que se analiza un corpus internacional de arredor dun centenar de artigos ou notas de prensa cuxo tópic principal xira arredor do uso da linguaxe no contexto electrónico.

A través da súa investigación, o autor pon de manifesto “the conceptual and ideological assumptions by which particular communication practices come to be institutionalized and understood”. A maior parte das mostras recollidas neste traballo permiten comprobar que o parecer xeral a respecto do impacto social que está a causar este fenómeno é maioritariamente negativo:

Online language has developed into a shorthand that all but obliterates the Queen’s English.

Our kids log on and catch the Webspeak virus. This new communicable disease spreads like jam on toast, presto, Spell-Drek: The Next Generation.

If the already ingrained corruption of the English language is perpetuated, we will soon be a nation made up entirely of grammatical duffers.

Exam papers are ‘riddled’ with abbreviated words and spellings. Young people seem to be throwing out the dictionary in favour of the quick and easy way of writing.

And to think this happened in the land of Shakespeare. If the bard were alive today, he’d probably write, ‘2B or not 2B’ (Thurlow 2006)

Titulares como “sms... perigo para o idioma?”, “Unha palabra mal escrita nunha sms provoca un asasinato e un suicidio en Ankara”, “Novos tempos novos perigos” ou “A linguaxe sms distorsiona a ortografía”, achados en diversos xornais peninsulares, remiten para preocupacións similares ás dos medios internacionais. Mais a prensa non foi o único foco a través do cal emerxeu esta clase de discursos en relación cos males lingüísticos e sociolóxicos que podería desatar a escrita electrónica. Neste sentido, tamén Sempere (2007: 320) afirma que os efectos perversos destas prácticas son previsíbeis e xa están a se constatar na atrofia da ortografía nas novas xeracións e na dificultade para a narración literaria

que, na súa opinión, constitúen formas culturais case fósiles dunha era anterior. Outrosí, Alonso / Perea (2008: 30) xulgan que é de particular interese o estudo das implicacións educativas que supón o uso indiscriminado destes códigos entre a mocidade e a posíbel ameaza que supón para a lingua escrita en termos lingüísticos e de expresión⁴. Nesta liña, existe aínda un sector certamente crítico que considera que este tipo de variedades acabará por reducir as linguas á súa mínima expresión:

Estes novos códigos lingüísticos, porque muitas das veces apenas descifráveis por grupos restritos, conducen à sua difícil lectura ou até incompreensão, para além de perderem riqueza de vocabulário, dado o recurso às palabras mais simples e curtas (Castro 2008: 51).

Será inevitable que las frases sean cada vez más breves y se limiten a la expresión de la mera acción o estado y, en consecuencia, se suprimirán las oraciones más complejas. Curiosamente, las únicas estructuras complejas que se envían son completivas desiderativas con “que”, causales y finales. Subordinación de las emociones, los motivos y los fines, las necesidades primarias de todo acto de comunicación (Galán Rodríguez 2007: 71).

Antes del chateo, nunca nadie había escrito tanto digitalmente y tan mal. No existe un lenguaje del chat, sino deformaciones de la lengua. Y, en este sentido, si impulsamos el chat como una diversión, estamos discapacitando al alumno. Con este ejercicio de balbuceo de la lengua, que hace un jibarismo (reducción o simplificación) de las expresiones, estamos convirtiendo al chico en un inepto expresivo y, por lo tanto, en un ciudadano de segunda en el futuro⁵.

Como se pode observar, a maioría das consideracións sobre a escrita electrónica aluden á necesidade de salvar as linguas dese proceso de deturpación en que están inmersas. Vemos, por tanto, que en ningún momento se considera

⁴ Convén sinalarmos neste punto, embora sexa analizado con máis pormenor na próxima epígrafe, que os resultados obtidos demostran que o que prima é o factor contextual e non tanto a faixa etaria das persoas usuarias, que aínda se liga na actualidade ao colectivo xeracional máis novo, xa que constitúe o grupo de idade a que xorde vinculado o seu aparecemento, igual que en xeral o dominio das tecnoloxías. As estratexias lingüísticas da escrita electrónica son utilizadas por todos os grupos de idade e de sexo considerados na mostra, se ben que do punto de visto cuantitativo manifestan unha maior profusión entre os máis novos e particularmente entre as mulleres.

⁵ Declaracións do presidente da Academia Arxentina de Letras, Pedro Luis Barcia. Véxase <http://portal.educ.ar/debates/eid/lengua/debate/el-lenguaje-del-chat-los-sms-un-nuevo-genero-discursivo.php>.

a escrita electrónica como unha variedade contextual alternativa, senón como o resultado dunha alteración arbitraria e inxustificada por parte do usuariado, que tan só conduce á dexeneración das linguas. En todos os casos e a pesar de se tratar dunha convención, a ortografía eríxese como a compoñente que outorga a unidade por excelencia e, neste sentido, vira un elemento simbólico importante (Freixeiro Mato 2009: 23). Será, por tanto, comprensíbel que estas críticas negativas se estendesen tamén á escrita electrónica galega, sobre todo se reparamos en que o proceso de fixación normativa da lingua é relativamente recente e non sempre estivo exento de polémicas (Monteagudo 2004) nin de prexuízos (Costas 2009: 65-70). A violación da variedade estándar nun contexto lingüístico aínda sen normalizar virou difícil de entender para parte da poboación e provocou, se cabe aínda con máis forza, xuízos de valor similares aos constatados por Thurlow (2006) para o inglés.

Sobre este particular, tornan relevantes os resultados obtidos do noso inquérito que, na maioría dos casos, certifican as hipóteses catastrofistas. Así, o 56% das persoas entrevistadas xulga que empregarmos a escrita electrónica ten implicacións negativas no que respecta ao nivel de competencia escrita, na medida en que potencia tendencias de mal uso que xa existen e acaba por automatizar diversos erros ortográficos empobrecendo a expresión escrita (Mosquera Castro 2013a: 69). Neste sentido, á pregunta “Consideras que o uso da linguaxe sms pode ser negativo para ter unha boa competencia escrita? Por que?” algúns dos nosos informantes contestaron o que segue:

- (1) Si. Pode darse o caso de que asimilemos erros ortográficos ou léxicos mais na competencia escrita non só interveñen estes apartados senón que tamén son moi importantes a comprensión, sintaxe, gramática do texto... En mensaxes curtas é difícil traballar a competencia lingüística aínda que o xeito de escribir pode ser negativo, en certa medida, para ter unha boa competencia escrita.
- (2) Si. A certos niveis (xente moi nova ou con formación escasa) pode contribuír a que non se desenvolva un bo modelo lingüístico.
- (3) Si. Porque o emprego continuado de formas alternativas poden producir problemas para relacionar cal é a correcta.
- (4) Si. Considero que pode ser negativa en canto ao uso da acentuación. Nas sms non se soen utilizar e pode supor un risco á hora de escribir calquera outro texto.

(5) Si. A xente deixa de prestar atención aos aspectos formais do idioma. Pode xerar estrañeza ou desconcerto no destinatario, polo que perdería a esencia da mensaxe, que é comunicar.

(6) Si. Porque empobrece a linguaxe, aínda que por outra banda agudiza o enxeño para dicir máis con menos palabras.

Nestas mostras podemos observar como aparecen a maior parte dos tópicos a que antes faciamos referencia; en concreto, a preocupación pola sobrevivencia da lingua estándar e pola adquisición de destrezas lingüísticas entre os utentes máis novos son os temas sobre os que as persoas centran a súa atención. Mais a pesar de que do punto de vista cuantitativo os datos obtidos do inquérito apoian fundamentalmente as teses en contra, tamén documentamos percepcións máis positivas por parte do restante 44% que, na liña do que os estudos máis recentes parecen evidenciar (véxase Kasesniemi / Rautiainen 2002, Plester / Wood / Bell 2008 e Plester / Wood / Joshi 2009 e Mosquera Castro 2013b), sinalan que tan só constitúe unha alternativa gráfica nin sempre tan moderna e que favorece a competencia escrita e fomenta a creatividade lingüística dos seus utentes, como xa se indica parcialmente en (6)⁶:

(7) Non. Porque penso que para escribir de forma abreviada é preciso ter unha boa competencia escrita e porque supoño que canto máis escribes mellor será o teu nivel nesa competencia, independentemente do sistema de escrita que utilizares.

(8) Non. Porque cunha formación axeitada debería chegar a unha separación entre rexistros suficiente. Outra cuestión e se, no estado actual da formación secundaria, pode axudar a potenciar tendencias de mal uso que xa existen.

(9) Non. Non ten nada que ver. Escribir en linguaxe SMS é cuestión de economía lingüística, non indica falta de coñecemento.

(10) Non. Porque a competencia é independente da forma de transmitir a mensaxe.

(11) Non. É un método complementario non substitutivo de usos máis formais da lingua, e o uso destas tecnoloxías implicou máis comunicación e hábito de lectura e escrita que non vai en contra dos ditos ámbitos e usos máis formais, educativos, profesionais, etc.

⁶ E neste sector posiciónase tamén Nel Vidal, quen sinala nunha entrevista para *Praza Pública* que estas prácticas lingüísticas constitúen un elemento realmente creativo e orixinal e que o feito de que a lingua galega fose quen de as xerar conforma un claro resorte de visibilidade e de vitalidade. Véxase <http://praza.gal/opinion/1125/polo-d-m-/>.

(12) Non. Porque é unha variedade máis da escrita, da mesma maneira que antes se usaba a linguaxe telegráfica. Penso que se tes unha boa formación na escola e no instituto saberás diferenciar os usos escritos. O que si é certo é que hai xente que usa a linguaxe SMS para, por exemplo, participar en foros na rede, o que, do meu punto de vista, é inapropiado. Pero penso que se se fan ben as cousas o uso da linguaxe SMS non é negativo para a competencia escrita, ao contrario: é algo creativo encontrar abreviaturas das palabras, estilo m8, x, qtal, etc.

Ao contrario das críticas que consideran que “computers and mobile phones are affecting everyday language, and that these effects are generally not for the better” (Baron 2008: 163), os excertos anteriores abren unha nova perspectiva desde a cal analizarmos este fenómeno e serven, do mesmo modo que os estudos empíricos, para desmontaren moitos dos prexuízos e dos mitos que se foron creando ao redor da escrita electrónica. Aliás, adiantan en moitos casos algunha das motivacións que fundamentan a súa aparición e que xustifican o éxito que estas prácticas alcanzaron no contexto electrónico, ao tempo que matizan a natureza revolucionaria das estratexias lingüísticas que contén. Así, considéranas máis unha variedade contextual inducida polo medio en que se produce, aluden á economía lingüística para a explicar e identifican dous elementos, a innovación e a tradición —en aparencia opostos—que converxen e que —como veremos máis adiante— conceden estabilidade a estes códigos.

2.2. As razóns da escrita electrónica galega

Anárquica, desregrada, inintelixíbel ou *caótica* son adxectivos cos que en moitos casos as persoas cualifican a escrita electrónica, persuadidas en parte polas exaxeracións que entenden que esta variedade é unha invención perniciosa. Con todo, un estudo pormenorizado das estratexias lingüísticas utilizadas neste medio permite corroborar que na realidade o desregramento a que se fai referencia é máis aparente do que real; na opinión de Teixeira (2008), “a anarquía (múltiplas formas para o mesmo efecto) é simultaneamente maleabilidade: posibilidade de adaptación a qualquer grau de alteración que os usuarios queiran” e, na súa opinión, “para quem as usa, [as estratexias linguísticas] não podem ser [caóticas], já que quem utiliza um qualquer sistema diferente do padrão o faz com a justificação de assim ser mais fácil comunicar”. Así as cousas, nos textos que se

producen cando nos comunicamos a través dos sistemas de interacción electrónica podemos observar múltiples rexistros da lingua galega escrita: desde aqueles máis propios dos usos formais e máis próximos da normativa até aqueloutros que presentan un estilo pouco ríxido e estratexias lingüísticas –fundamentalmente gráficas– subversivas, mais altamente motivadas.

E, se ben que non existen regras definitivas e que a procura de novos procesos é unha constante –como constantes son tamén as mudanzas nos sistemas en que se vehiculan–, o certo é que en xeral estes códigos presentan unha certa sistematicidade. Neste sentido, cómpre repararmos en que a pesar das posíbeis melloras dos novos soportes de interacción –sobre todo no que respecta ás limitacións espaciais–, o medio electrónico pola súa propia natureza presenta certas restricións que desde unha óptica conversacional non poden ser solventadas cos avances técnicos. O usuariado é consciente desta situación e encontrou na variedade electrónica un modo de paliar estes inconvenientes e de aumentar a eficacia comunicativa das interaccións que realizan a través do medio dixital. Neste punto, viran relevantes as palabras de Castro (2008: 50), na medida en que sintetizan moi ben as motivacións que orixinaron inicialmente o seu desenvolvemento e tamén aquelas que persisten e que a manteñen viva na actualidade:

Longe vão os tempos em que [unha persoa] se angustiava por momentos de inspiração para escrever e cuidar na forma de exprimir um sentimento, um pensamento ou uma reflexão, já que a forma como se materializava no papel o nosso pensamento, reflectia muito da personalidade de quem escrevia e, como tal, havia que ter certos cuidados, tais como: não dar erros, ter uma caligrafia legível e bonita, escolher a palavra certa para cada ideia revelada. Contudo, com o advento de novas práticas de interação, próprias de uma Sociedade que privilegia a informação e a comunicação nun número limitado de caracteres e que se movimenta na Rede, emerge uma ‘nova’ escrita electrónica [...] construída por uma geração que nasceu e cresceu familiarizada como a Comunicação Mediada por Computador (CMC). Através deste novo léxico, procura-se ser expressivo e comunicar o máximo no mínimo de espaço, recorrendo ao mínimo de palavras, abreviadas e/ou com cortes, e recorrendo à iconografia, dando-lhe um ‘rosto’ mais humano.

O certo é que as limitacións de tipo espacial, as características do teclado e o tamaño da pantalla condicionaron en orixe o desenvolvemento de estratexias compensatorias que se rexen polo principio de economía, como a elisión de ca-

racteres, as abreviacións ou a ausencia de acentuación, e permitiron verificar máis unha vez a hipótese establecida por McLuhan (1976) de que o medio condiciona a mensaxe. Neste sentido, por exemplo, os primeiros sistemas de chat tan só permitían un máximo de catro liñas por interacción (Yus 2001: 79), o que obrigou o usuariado a ser lingüísticamente sintético e, por tanto, tamén creativo. Con todo, estes condicionamentos tipográficos e espaciais –que na actualidade están xa solventados na maioría dos sistemas máis recentes–, non son os únicos que xustifican o uso de mecanismos de simplificación, pois de acordo cos datos do noso corpus, nin sempre cando aparecen se utiliza todo o espazo que facilita a aplicación. Así, no referente ás sms a media de palabras é de 17,11 e de 83,10 no tocante ao número de caracteres⁷. Vexamos algunhas mostras que reflicten esta realidade:

1. Referiam a se stabas bn mona! Xa sei q nn che fixen nada! Polo – knscientmnt! Se ts fame..a miña nvra ta chea! Jeje! Google: axuda psiloloxik...urxnt
2. Q tal ont? Eu kaka... :(Vaia shit d dia, spro q ti polo – o pasases way! Xdoa x nn ir ont!
Qtm8. Oxe kbab nn? Bks
3. Tabs 1pouk sria! Pasach algo? Bks fea
4. Q dsknses! Qtm8!

Para Galán Rodríguez (2007: 66), a razón máis determinante deriva fundamentalmente dun novo concepto de comunicación baseado tanto na constante dispoñibilidade como na inmediatez. A este respecto, tamén Chiappe (2008) salienta que estas estratexias reflicten a velocidade en que se vive e que exige respostas igual de rápidas, razón porque considera que non perderán arraigo nos novos medios. Así, o usuariado tamén ve neste tipo de prácticas un modo de dinamizar e axilizar as comunicacións e de as aproximar da fluidez típica dos intercambios dialóxicos de carácter conversacional. E se ben que esta perspectiva está xa en moitos casos presente nas sms (véxase interacción 1), vira moito máis evidente noutros sistemas máis modernos cal o Whatsapp ou o Galegram (véxase interacción 2), como verifican os seguintes excertos:

⁷ Os nosos resultados, embora algo superiores, harmonizan en liñas xerais cos documentados por Thurlow / Poff (2013: 171) para o inglés, onde a media de palabras por sms é de 14, en canto o número medio de caracteres se sitúa nos 65.

Interacción 1

5. Mllr ás 11.30?
6. ok!

Interacción 2

7. weno, pero sta ben
8. Si si
9. Moi ben
10. Nn m queixo
11. A ver q tal por ali q e ano d eleccions

E esta necesidade de achegar a socialización virtual daquela que ten lugar de forma presencial é o que xustifica igualmente que, a pesar de que a economía é o motor que desencadea moitos dos fenómenos de redución, a simplificación non sexa o único factor –e nin sequera o máis importante (Mayans 2002)– que permita comprender a natureza da variedade electrónica. Nestes medios, o noso corpus, permite observar que, cunha frecuencia similar ou mesmo maior, existen mensaxes en que a expresividade e a énfase son as causantes do aparecemento de diversas estratexias gráficas baseadas –contrariamente– na redundancia espacial e temporal e cuxo obxectivo fundamental é compensar a ausencia da voz e dos xestos⁸. Neste punto, destacan por exemplo, a puntuación expresiva, os estiramientos gráficos ou as emoticonas (véxase 2.3), que permiten transmitir a intensidade sobre algún elemento do discurso, a carga irónica dalgunhas mensaxes ou reproducir os nosos estados de ánimo (Tascón / Abad 2011: 31), e que ofrecen un contraste máis do que evidente coas abreviacións, coas que partillan espazo nos textos electrónicos, como se deduce dos exemplos:

12. Spero q a pizza stivs rik xq os meus makrrns stban rqrqtqRIKISIMOS! Jajaja! Qrot m8 wapa! E nn t preokps q NY vai star ai waiting4us! Muaka!

⁸ Para Anis (2006: 4), a necesidade de dotar de oralidade e de iconicidade os textos electrónicos pode en ocasións “entrar en contradiction” coa máxima de brevidade e rapidez. Non obstante, na maioría dos casos estes tres principios operan de forma simultánea. A este respecto, Thurlow / Poff (2013: 174) afirma que “for the sake of paralinguistic restitution, capitalization (e.g. FUCK) and multiple punctuation (what???!!!!) may be more desirable for texters. Lexical items such as *ello* (‘hello’), *goin* (‘going’), and *bin* (‘been’), meanwhile, serve both the need for abbreviation and phonological approximation”. Sobre estas cuestións, véxase tamén Spilioti (2009).

13. Holaaa. Mandame o teu correo cando poidas. E NIN SE VOS ACORDE ASOMA-LA CABEZA POLO TEITO DUN AUTOBUS EN N.Y. PARA ADMIRA-LA PAISAXE!!!!!!
14. Como aqui, chego as 4 e media, collo un taxi e se che parece quedams a mens cuarto na porta ☺ ☺
15. Odiamosteeeeeeeeeeeeee!

Nalgúns casos as estratexias lingüísticas presentes na escrita electrónica alcanzan unha grande complexidade e mesmo requiren maiores esforzos que os que implica o uso da ortografía estándar, inclusive naqueles casos en que non responden á necesidade de redución ou de expresión. Así, na explicación deste fenómeno non só deben ser considerados argumentos de tipo funcional, mais tamén os simbólicos. Nestes medios, e de acordo coas teses de Palacios / Coll / Marchesi (1991), acreditamos en que un deses factores é a diversión e a necesidade que os seres humanos temos nalgún momento de experimentarmos coa linguaxe. Para Crystal (2008: 72) “the drive to be playful it is still there when we text. And it is a hugely powerful drive”. Na mesma liña, tamén Mayans (2002) afirma que convén

destacar la utilidad humorística de la incorrección normativa. Debe tenerse en cuenta que [...] es un espacio de comunicación eminentemente lúdico, es decir, el primer y principal motivo que describen los usuarios para explicar la razón por la que son usuarios [...] es que les entretiene [...]. De este modo, un factor importante para el entretenimiento de los usuarios pasa por el componente humorístico de la conversación. Una de las fuentes de humor más importantes –al menos de las más frecuentes– y la que más nos importa aquí es el uso transgresor del código [...]. Y para que el efecto humorístico de la transgresión del código sea, realmente, efectivo, los lectores deben conocer el código lingüístico convencional, ya que [...] siendo el código de referencia para el usuario, precisamente, el humor surge del choque entre ese código referencial que los usuarios dominan y utilizan habitualmente y la determinada utilización coloquial y deformada de éste [...]. Es imposible que una falta de ortografía “haga gracia” si se desconoce que es, en efecto, una falta de ortografía.

Os resultados do noso inquérito corroboran en todos os casos as hipóteses apuntadas pola comunidade científica. Así, á pregunta “Por que utilizas este sis-

tema de escrita?” os nosos informantes sinalaron as seguintes motivacións por orde de preferencia: aforrar espazo e tornar máis rápida a interacción, paliar as limitacións expresivas da escrita e a diversión. Non obstante, na maioría das súas respostas podemos observar a complementariedade de todas elas, especialmente as de carácter funcional:

16. Para aforrar espazo. Permite unha maior “expresividade” no código. Pódense facer ver rasgos suprasegmentais ou elementos metalingüísticos que non adoitan percibirse na linguaxe escrita.
17. Para aforrar espazo e para dar expresividade á lingua escrita
18. Para aforrar espazo e para dar máis énfase á mensaxe
19. Porque é máis rápido, e para aforrar tempo. Pero tamén para que sirvan de axuda a dar énfase a algunha expresión que oralmente non supón dúbida, pero por escrito pode levar a equívocos (por exemplo ironías ou comentarios esaxerados).
20. Para aforrar espazo. Por diversión.

En síntese, e ao contrario do que sinala Galán Rodríguez (2007: 71), xulgamos que as persoas usuarias empregan esta escrita porque, en liñas xerais, a súa eficiencia fática compensa a perda de contido, resolve ambigüidades ao suplir o apoio do contexto e permite realizar inferencias e xogos lingüísticos. Todas estas motivacións converxen con maior ou menor profusión –a depender das características específicas que presentaren– nas diversas modalidades lingüísticas que soportan a comunicación electrónica; como é obvio, a estabilidade entre elas, tamén estará determinada polas escollas individuais que o usuariado realice en cada momento. En calquera caso, o apuntado até o momento a respecto dos usos lingüísticos no contexto electrónico pon de manifesto que non estamos perante un fenómeno arbitrario ou que parta do descoñecemento da lingua, mais ao contrario dun uso deliberadamente informal, económico e creativo. E neste sentido, a súa intencionalidade é clara: virar a interacción nun proceso máis flexíbel, máis lúdico e mesmo máis elocuente, nun contexto en que polas súas características a variedade gráfica convencional presenta, desde unha perspectiva pragmática, evidentes limitacións (López Alonso 2003).

2.3. Recursividade e creatividade na escrita electrónica galega

A escrita electrónica convértese, pois, nunha resposta intuitiva a un escenario tecnolóxico novo, isto é, xorde por unha necesidade. Non obstante, e a pesar de que as propiedades distintivas –especialmente as ortotipográficas– poden outorgar a sensación de estarmos perante un fenómeno totalmente novidoso en relación á forma en que se escribe noutro tipo de soportes, na realidade condicionamentos certamente similares aos que operan na variedade electrónica poden ser documentados ao longo da historia da escrita, e similares son tamén as estratexias lingüísticas adoptadas para os solventar. Nesta liña, Crystal (2008: 37) sinala que “we can find antecedents in earlier language use [...]. Some can be found in pre-computer informal writing, dating back a hundred years or more. And some are very ancient indeed”.

O usuariado é coñecedor destes paralelismos e non só creou estratexias lingüísticas innovadoras, mais tamén adoptou e, en moitos casos, adaptou aqueles mecanismos previos da lingua escrita noutros soportes que se adecuaban ao novo medio e que lle permitían interaxir nel con éxito, caso da linguaxe publicitaria (Carrera de la Red 2009). Así, de igual modo ao equilibrio constatado entre os mecanismos de redución e de expresión presentes nesta variedade, tamén podemos observar unha relativa estabilidade entre o grao de débeda e de innovación que estes manifestan. E será con base nesta última dicotomía que realizaremos, nas páxinas que seguen, unha aproximación aos recursos lingüísticos máis representativos da escrita electrónica galega.

Neste sentido, un dos fenómenos ortotipográficos que máis chama a atención da escrita electrónica é o emprego de letras, números e símbolos co obxectivo de representar sílabas, partes de palabras ou mesmo palabras completas. En todos os casos, estes elementos son utilizados polo valor fonético do seu nome, isto é, valen polo que significan (Galán Rodríguez 2007: 69), a actuaren como auténticos logogramas. A comezarmos polos caracteres, convén salientarmos que a variedade electrónica pode ser considerada unha escrita fundamentalmente consonántica, na liña das escritas semíticas (Cardona 1994: 43), na medida en que é certamente habitual a elisión de vogais: de acordo cos datos manexados, o 78,3% das mensaxes do noso corpus presenta algún tipo de elisións vocálica. Paradoxicamente, os elementos portadores de particularidades prosódicas distintivas (Frei-

xeiro Mato 2006: 65) son secundarizados nesta variedade en favor daqueles que do punto de vista gráfico presentan un maior valor informativo (Crystal 2008: 26). Vexamos algunha mostra:

21. Ola ptarda! Stou n ksa koa mmoria! A vr s avanzo algo. O find normaliyu. Xa falei kn ***** e sta tdo klaro. Pois si, vai avr q qdar! Bkos mona! Pasao bn!
22. Tou mpaxadisima! a partr dagora vou facr peqnas catas da cmida q m ofrezas! a miña bedroom cheira a l mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits!
23. operaron a *** d nebras non sei si da visicula ou algo asi pero nn sei fiyo...oxe rabuñouye l gato d vixuan a ***** na cara en un brazo...sta feita un poema..ahhhhhh e teu padriño xa s aburre en suiza e o 30 d ste mes xa o temos aki..ven pa trabayar na corña e se ten pa tdo o ano xa nn s vai en fin...toda l historia bstnt peculiar

O emprego da grafía consonántica con valor bifonemático (Torres i Vilatarsana 2004), aínda que acaba por facerse extensíbel a todas as vogais, é especialmente frecuente coa vogal “e” e tamén con “a”, na medida en que a pronuncia de ambas xa vén dada polo nome con que se coñecen as consoantes. Así, na lingua galega o “b” lese [be], o “d” lese [de] e o “k” lese [ka] etc. Convén tamén sinalarmos que aquelas con maior probabilidade de seren elididas son as vogais átonas; as tónicas tenden a aparecer, se ben que isto nin sempre constitúe unha norma, como se deduce dos exemplos expostos. De facto, a supresión das vogais tónicas determina tamén un outro fenómeno da escrita electrónica, isto é, a ausencia xeneralizada de acentuación, mesmo naqueles casos en que os textos se redixen na variedade normativa; en concreto, no noso corpus este fenómeno aparece no 94,53% das mostras. Outrosí, Galán Rodríguez (2007: 68) apunta un dato que consideramos relevante para comprendermos esta situación, pois moitos dos primeiros dispositivos de telefonía móbil non dispuñan de vogais acentuadas na tecla correspondente a cada letra, o que de partida xa estableceu un antecedente.

A respecto do vocalismo átono, Freixeiro Mato (2006: 94) destaca que na lingua galega a imprecisión do seu timbre resulta inestábel e vacilante e isto produce como resultado diversas alteracións no modelo de fonética popular. No noso corpus, e desde a perspectiva da súa rendibilidade gráfica –que nin sempre encontra correlato co plano fónico– presentan un maior grao de aparición aquelas que obedecen a fenómenos de substracción, cal a aférese, a síncope ou a apócope:

24. Aver person! Q fas? Sort para o exame, **inda** q vendo a q ts no trivial nn ch fai falta!
Jejeje! A q ora t spero no meu flat? Nn m rompas agora o korazon! Muaka
25. Stou na ntrada pro dntro sntada na msa da **dreita**
26. Ola **,q tal a find?Nos x casa,sn moit nvidade.Chameit pro nn stabas asiq xa falarms
do d mña **pra** saber cmo facms.biquiños
27. Nn qdo hox cn *****, q tn un velatorio en lugo. S qres imos correr. Avisam kndo
podas xfi! E pnsó q m **val** a tinta da pluma..deixsm probar? Durm bn ruliña! Bks!

O modelo fonético ao que alude o antedito autor tivo unha forte repercusión na lingua galega –como tamén evidencia a lingua literaria–, dado que era o único que existía na práctica tradicionalmente ao se encontrar esta relegada ao ámbito familiar e coloquial e afastada das esferas máis formais de uso. Así, o contexto informal e o retorno á oralidade que promoven os medios electrónicos vai posibilitar a (re)aparición de fenómenos propios deste modelo. E nese afán de trasladar á escrita realizacións fonéticas propias da lingua falada, documentamos tamén casos en que as elisións vocálicas e consonánticas están motivadas por crases ou por fenómenos de fonética sintáctica, elidindo todos aqueles elementos que non van ter correlato na lectura –oralizada– da mensaxe. Na opinión de Yus (2010: 176), as persoas que emiten “escriben lo que les gustaría estar diciendo”, en canto as destinatarias “leen lo que les gustaría estar escuchando”:

28. Grazs! Xa vou veyá pa clbracions subidits d ton! XD a vr se vou x ai **pra** semna q ven!
29. Oes q falei coa sñora e me dixó que era myor qdar as 5 n st laurence west dam n toq
se stas **dacordo**
30. Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via
patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damsllo mña xla mña! Bks!
Qtm8!

Nesta liña, tamén é habitual documentarmos unha certa predisposición á creación de ortografías fonetizantes que ou ben eliminan aqueles sinais que non achan un correlato na correspondente realidade fonética da estrutura ou ben simplifican a súa complexidade gráfica (Vela Delfa 2005: 683). Así, por exemplo, elimínanse as letras mudas; e se ben que na lingua galega non existen moitas grafías que non teñan un correspondente no momento da súa realización fonética (Freixeiro Mato 2006: 60), a inclinación xeneralizada con que se elimina o “h”, o

“u” dos grupos *qu-* e *gu-* e a tendencia para elidir as consoantes finais de palabra que non se pronuncian ou o primeiro elemento consonántico dun grupo culto confire a esta estratexia certa relevancia no contexto da escrita electrónica galega. Vexamos as seguintes mensaxes:

31. Jaja! Akbo d sair! Lvabaa pnsada xo ind asi fixn kmbios d ultim **ora!** Jeje! A intncion era q o mstr ns servis d algo nn? Algrom d q ch gustas tonti! Coidate pk!
32. Nn o disimls nda bn! Eu ao d *** nn ye daria imxtancia! Knd **qeirs** xa sbs q stou aki!
33. Meyor! A ver se **knsges** dskansar agora. Boas noits baby! Qtm8
34. coidad coa arbore do nadl, nn vaias chcar cn ela plo **efto** d chmpn!!

E a pesar de que en galego se constata unha relativa equivalencia entre letra e fonema, esta nunca chega a ser total, de modo que existen fonemas que na variedade estándar se representan a través de dígrafos ou de dúas grafías. No primeiro caso, a variedade electrónica optou por reducir os dígrafos baseándose en similitudes acústicas con outros fonemas; así, “ch” e “ll” pasan a se representar como “x” e “y”, respectivamente⁹ (Mosquera Castro 2012). No segundo caso, a simplificación traducíuse no uso indistinto das diversas grafías que representan un mesmo son, con total independencia do que marquen as regras ortográficas, o que afecta os fonemas /b/, /θ/, /g/ e especialmente /k/. Eis algunhas mostras destes recursos:

35. Eu supoño q si. *** n principio sta d trdes. Stou kurrando pero mdia **paxuxa**. Bikos
36. K tal vay ese **oyo**???? espero k non **ye** devolveras o golpe a ****!!!
37. Querote! Q **aprobeite!** XDDDD
38. Ola baby! q e d tua vida? Q tal a smana? Eu ste find d relax! ti q vas **fazer?** bikos chorvi!
39. Miss you a lot! A ver se nos vmos. Muaka

⁹ No referente ao fonema africado palatal xordo /tʃ/ (<ch>), é preciso sinalarmos que a propia evolución histórica da lingua antecede este recurso de simplificación nos contextos electrónicos. Así, o paso da realización fonética [tʃ] a [j] foi un proceso que si se produciu no padrón fonético da lingua portuguesa, máis innovadora neste sentido que a galega, que permaneceu no estadio anterior. Véxase Castro (1991: 29-31). Non obstante, é máis probábel que a súa presenza na escrita electrónica galega estea motivada pola presión do español en que esta é a solución gráfica adoptada para interaxir nestes contextos. E esta influencia é moito máis evidente na reprodución gráfica do fonema lateral palatal sonoro /ʎ/ a través dun carácter só existente nesa lingua e que, por razóns similares, se pode atestar tamén na variedade electrónica catalá (Pons Moll 2003: 274).

40. Grazas! Nn puxron mh a **ningn** pro saqi 10

41. Boas noits **pk!** Dim x sms a **k** hora m piyas maña, adaptome ao **q** m digas, e xa falams **q** agora nn pdo. Spro **q** tivss 1bo dia. **Qtm8** wapa! C u 2morrow

Como se pode observar, a tendencia á escrita fonética e ese desapego voluntario cara os formalismos propios do rexistro escrito eríxese como un fenómeno certamente recorrente e en certo modo representativo da escrita electrónica e, ao tempo, consegue tamén chamar a atención para o carácter convencional dos signos. Neste sentido, e por máis que poidamos considerala en moitos casos unha actitude transgresora (Álvarez Martínez 2008: 263), non constitúe tampouco unha práctica totalmente novidosa. De facto, os antecedentes da tendencia cara á escrita fonética poden ser mesmo documentados na historia da lingua galega; en concreto, no que se refire ao desenvolvemento da súa variedade estándar, pois o principal conflito a este respecto iniciado no século XVIII e aínda patente na actualidade estableceuse ao redor do uso das grafías histórico-etimolóxicas do galego-portugués medieval ou da adopción das grafías máis foneticistas (Freixeiro Mato 2009: 21). E neste punto, convén salientarmos particularmente a proposta ortográfica foneticista realizada por Aurelio Ribalta (1910: 143) nas notas posteriores ao seu *Libro de Konsagración. Feixe de poesías gallegas*, en que esta é tamén practicada como evidencia o propio título.

Mais como xa apuntamos, as letras non son os únicos elementos que se utilizan con base no seu valor fonético e para os que se achan precedentes lingüísticos. De acordo con Torres i Vilatarsana (2004) os números e os símbolos tamén se utilizan para representaren certas secuencias fónicas ou mesmo palabras, como resultado da súa equivalencia acústica. Sobre este particular, Anis (2006) afirma que o proceso de resolución desta estratexia coincide co dos hieróglifos, dado que a parte que non corresponde ao abecedario ten que se interpretar como a unidade resultante da súa lectura. No que respecta aos logogramas numéricos, os exemplos arriba expostos permiten observar que poden aparecer de forma individual a representar o seu valor (3, 18, 24, 35), ou como parte dunha palabra (2, 12, 36). Así mesmo, tamén evidencian a grande rendibilidade que na escrita electrónica galega presenta o númeral 8 (2, 4, 28, 36, 12), que no noso corpus supón o 90,1% das aparicións. No tocante aos símbolos, tamén se pode comprobar como aqueles que presentan unha maior rendibilidade nas mostras son os matemáticos

e que o modo en que son utilizados non difire demasiado do descrito para os números: en 1 e 2 vemos como o símbolo – e en 25 o + substitúen os adverbios de cantidade *menos* e *máis* respectivamente, e en 2, 21, 23 e 25 *x* representa a preposición *por*. Con todo, tamén fan parte de cadeas fónicas que tan só reproducen parte dun vocábulo:

42. O prox cnrt e o vnrs 25! xo nn e d cpitn mrgn! E so d *****! E en acustico e poderia tar bn! Xo eu tño o d hamlt, e **ad+** xa seria moito abusr, jeje! Boas noits!
43. E nn hai nada mais light? jajaja! Senn a dieta vai ir ao carallo! nn e x **-prezar** os xixarros! Jaja
44. vou xantar fora cos meus padriños. Sube **=mente** se queres e fuchica na neveira ☺
45. Se qeres voute ver, nn m **imxta**. Koidate.

Nos casos anteriores, estamos perante estratexias gráficas compensatorias da prosodia que teñen como principal finalidade a economía lingüística: aforrar espazo e tempo na redacción das mensaxes. Non obstante, a oralización desta variedade gráfica tamén opera no sentido contrario, de modo que existen recursos lingüísticos que do punto de vista espacio-temporal requiren un maior esforzo por parte do usuariado. Sobre esta cuestión, Tascón / Abad (2011: 42) sinalan que “es curioso cómo, a la vez que la ortografía puede sacrificarse en aras de la brevedad, el énfasis suele darse añadiendo caracteres innecesarios desde el punto de vista del significado de las frases, pero [...] muy importantes en la comunicación de las emociones”. Con todo, e ao contrario do que xulgan estes autores, non se trata estritamente de recursos inéditos, dado que en moitos casos o orixinal é a forma en que son utilizados ou se especializan, pois como poderemos comprobar xa aparecen en soportes anteriores ao electrónico.

Este é o caso das onomatopeas que, en oposición a outros recursos gráficos, constitúe un fenómeno lingüístico motivado e non arbitrario e que nalgúns casos se integrou no léxico habitual das linguas (López Viñas / Lourenço Modia / Moreda Leirado 2010: 464). En concreto, na lingua galega mesmo determinaron a evolución dalgún vocábulo, como aconteceu en *zoar*¹⁰. Na variedade

¹⁰ De acordo con Ferreiro (1999: 120), a evolución natural do vocábulo latino SONARE, logo da caída da nasal intervocálica e da perda da vogal postónica sería *soar* e só a influencia onomatopeica do son do vento pode explicar o paso de *soar* > *zoar*.

electrónica son certamente habituais aquelas que aluden ao riso, mais tamén as que imitan os bicos e as que permiten reflectir de modo máis enérxico as emocións dos interlocutores. Porén, o contexto electrónico non é o primeiro en que a súa presenza contribúe para dinamizar e enfatizar as mensaxes, senón que ten un claro antecedente no universo da banda deseñada (García Benito 2003: 162). Así mesmo, a tendencia oralizante e expresiva presente neste xénero provoca que a acompañaren as onomatopeas figuren tamén outros fenómenos que foron igualmente incorporados para formaren parte da escrita electrónica, como acontece cos estiramentos gráficos –de letras máis tamén de sinais de puntuación– e co uso das maiúsculas. E aínda que normalmente nos xéneros dixitais funcionan como estratexias compensatorias autónomas e non subordinadas ás onomatopeas, é moi frecuente que se produzan sinerxias entre elas, como acontece na banda deseñada e como evidencian moitas das mensaxes do corpus. Eis algunhas:

46. **Aaah** xa me olvidaba! Agora cho mando! Eu levo regular a ver bks

47. **jajaja!** unhas knvrse! non acrtaron no numero pero no resto ben! **jeje! Muakkaaaa** a tr voas fsts e a estar ben k family... e drlle a os **chupitooooooss jajajajajaa** cabeza non **paraaaaaa!!!!!!!!!!**

48. En BLOQUE podemos, domingo 12 da mañan. Pazo de Congresos (San Lazaro-Santiago). **NON FALTES!!!** (Teremos espazo infantil)

E neste afán de as interaccións dixitais resultaren expresivas e aproximárense do modo en que o usuariado se expresaría en situacións dialóxicas presenciais, o contexto sociolingüístico galego ofrece tamén outras estratexias que fan un uso pragmático de fenómenos sociais, como ocorre coa presenza de dialectalismos e do español. Así, para alén de reproduciren fenómenos propios da oralidade ou a situación de contacto lingüístico en que se encontra o noso idioma, tamén son enormemente produtivos do punto de vista expresivo e estilístico, fenómeno que, por outro lado, xa foi documentado na lingua oral por Santamarina (1975: 312) e no galego literario por Freixeiro Mato (2013: 207-217). Así, no noso corpus a presenza do español reflicte en moitas ocasións irritación ou malestar coa situación enunciada (Mosquera Castro 2015: 79), en canto os dialectalismos contribúen para connotar afectivamente os textos, e en moitos casos tan só son

empregados para destacaren puntualmente algún elemento¹¹ (Mosquera Castro 2016: 174):

49. **N stoy kbreada kntigo, stoy kbreada y punto, ya s q no lo icist a propósito OBIAMENTE. Tuve q djar los fisos puestos n varios sitios** pa q nn kaese. Perdoa q as pagase kntigo. Ven maña xfa!
50. Pois vai tirndo! Tño 1 bo nfermeir!! jaja! A vr s m kra pra o kngres snn vou ir **ghuapa**...e x ai q tal? Alg1 novidd? Bks (**Pontedeume**)
51. Escriboxe sto xa q sei cm s, e sei q os teus oios sn = q o teu interior, sn **pesiosos**⁸⁴⁰ XD. Es 1 rapas q vals moito e merecs todo o mejor (**Arteixo**)

As estratexias anteriores tratan todas elas en maior ou menor medida de compensaren a ausencia de voz dos interlocutores nun medio eminentemente gráfico e carente de trazos tan esenciais como o ton, a modulación e o volumen para transmitir os matices enfáticos e emocionais que operan nunha conversa (Tascón / Abad 2011: 42). A este respecto, convén indicar que a pesar de que os sistemas de mensaxaría máis recentes xa ofrecen a posibilidade de comunicar a través de mensaxes de voz, a maior parte do usuariado opta por seguir interaxindo a través da escrita. Na opinión de Yus (2010: 307), a razón que permite xustificar esta conduta radicaría no maior control que exercemos sobre o texto escrito a respecto da información que queremos transmitir.

Mais para esta finalidade nas interaccións presenciais non só é importante a canle auditiva, mais tamén a visual: os xestos e o movemento do corpo. Así, os recursos gráficos da escrita electrónica adquiren tamén a función de paliaren a ausencia de elementos cinésicos. E se ben que algúns autores como Pons Moll (2003) xa entendían os estiramentos gráficos que se producen nas aperturas e nos encerramentos como unha mostra do movemento de chegada e de partida do usuariado –e que en parte pode ser tamén aplicado á puntuación expresiva ou ás maiúsculas, en tanto que son visualmente impactantes– o recurso por excelencia para compensar a ausencia corporal dos interlocutores é, sen dúbida, o das emo-

¹¹ Será nestes casos e naqueles en que o fenómeno reproducido non coincide cos usos dialectais da zona orixinaria do usuariado cando o seu emprego en tanto que estratexia pragmática vire máis evidente, embora tamén poida acontecer que aquelas persoas que non utilizan habitualmente estas solucións, a pesar de seren propias da súa xeografía, as empreguen nun determinado contexto se estas lles reportan beneficios no momento de interaxiren. Para tratar de delimitar estes casos resulta determinante a información sobre a procedencia do usuariado que acompaña as mensaxes do noso corpus, e que se complementa con outra relativa ao sexo e á idade.

ticonas, “where the meaning is entirely a function of the shape” (Crystal 2008: 38) e cuxo cometido non se limita á expresión dos sentimentos, mais tamén á desambiguación e atenuación dos enunciados, como se mostra nos exemplos:

52. Que pasedes todos un feliz ano novo, con moitos familiares. Ah!, e que vos traían fantásticos agasallos :))
53. I miss you baby! :- (
54. **Pelikulon!!!!!! O_O**
55. Compralls algo aos nens **rata! XD**

E a pesar de que na escrita electrónica foron inicialmente os signos de puntuación os encargados de crearen estas figuras e de que na actualidade as distintas aplicacións ofrecen unha ampla variedade iconográfica, o certo é que todos eles remiten para a pictografía que, na historia da escrita, antecedeu as escritas ideográficas e logográficas (Cardona 1994: 42). En definitiva, podemos comprobar como as estratexias presentes na variedade electrónica manifestan unha enorme débeda coa tradición tanto da historia da escrita como da lingua galega, se ben que ao mesmo tempo o modo en que algúns recursos son adaptados e se especializan no soporte electrónico permite tamén evidenciar o seu carácter innovador e creativo, en consonancia co contexto tamén orixinal para o que xorden.

3. CONCLUSIÓNS

Nas páxinas que preceden tivemos ocasión de observar diversas particularidades a respecto da escrita electrónica galega. Así, a ortografía irreverente e o afán sintético de moitas das estratexias analizadas constitúen características intrínsecas a esta nova modalidade e outorgan ás persoas usuarias novas vías de experimentación lingüística. Porén, tamén debemos ter en conta que o uso de códigos abreviados, simbólicos, crípticos ou alternativos sempre existiu. Neste sentido, os exemplos da escrita electrónica poden ser novidosos, máis non ocorre o mesmo cos procedementos. Na maioría das ocasións o usuariado adopta e adapta elementos propios doutros contextos gráficos cunha finalidade expresiva ou fática, que en moitos casos xa está presente no soporte do que proceden, pero que adquire un carácter máis marcado no electrónico. Por tanto, estamos perante unha auténtica variedade lingüística innovadora, mais que bebe –e moito– da tradición.

Como é evidente, as distintas capacidades e expectativas do usuariado, a rapidez con que as mudanzas se producen en materia tecnolóxica e o ritmo tamén acelerado ao que se está a producir a mudanza lingüística deste medio –moito máis rápida que en calquera outro en ningunha época da historia– dan conta do complexo que resulta afirmarmos nada de forma categórica sobre esta variedade. Así, se ben que moitos dos trazos lingüísticos que foron descritos continuarán a formar parte da identidade deste código durante algún tempo, outros pode que non sobrevivan por máis de un ano ou dous. Trátase dun escenario complexo e que presenta unha enorme variabilidade e, neste sentido, recorrer á memoria lingüística e analizar con pormenor as situacións concretas que se producen no contexto virtual resulta imprescindible para entender este fenómeno e superar a hostilidade que nalgúns casos aínda suscita.

En todo o caso, consideramos significativo que para a lingua galega se desenvolvese tamén unha variedade electrónica en tanto que constitúe, na nosa opinión, unha evidencia da súa funcionalidade tamén nos novos espazos que a tecnoloxía crea. Aliás, a capacidade do conxunto de galegofalantes para explora- ren dunha forma creativa o seu potencial lingüístico e para crearen novas formas de expresión contribuirá, con toda a probabilidade, para a normalizar e para a dotar de proxección.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO, Elena / Manuel PEREA (2008): «SMS: impacto social y cognitivo», *Escritos de Psicología* 2 (1), 24-31.
- ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Sara (2008): *Interacciones sincrónicas escritas en línea y aprendizaje del español: caracterización, perspectivas y limitaciones*. Tese de doutoramento. Universidade de Lleida. <http://www.galanet.eu/publication/fichiers/Alvarez2008_tesis.pdf> [consulta: 31/11/2015].
- ANIS, Jacques (2006): «Communication électronique scripturale et formes langagières». <<https://www.mediensprache.net/archiv/pubs/2810.htm>> [consulta: 10/02/2016].
- BARON, Naomi (2008): *Always on. Language in an online and mobile world*. Oxford: Oxford University Press.
- CARDONA, Giorgio Raimondo (1994): *Antropología de la escritura*. Barcelona: Gedisa.
- CARRERA DE LA RED, María Fátima (2009): «Aspectos de fonética y ortografía en anuncios publicitarios», *Estudios de Fonética Experimental* 18, 33-44.
- CASTRO, Ivo (1991): *Curso de história da língua portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.
- CASTRO, Teresa Sofia Pereira de (2008): *Quando as teclas falam, as palavras calam. Estudo sobre a utilização do telemóvel e do messenger por crianças do 5º e 6º ano do distrito de Braga*. Universidade do Minho: Instituto de Estudos da Criança.

- CHIAPPE, Domenico (2008): «SMS, 1 9o lgl (mensajes de texto, un nuevo lenguaje)», *Revista Letras Libres* 86. <<http://www.letraslibres.com/revista/artes-y-medios/sms-19-lgj-o-mensajes-de-texto-un-nuevo-lenguaje>> [consulta: 07/02/2016].
- CORTÉS CONDE, Florencia (2010): «El lenguaje en Internet. La búsqueda de la lengua perfecta y el miedo a los nuevos medios». <<http://www.diegolevis.com.ar/secciones/Articulos/cortesconde.pdf>> [consulta: 13/02/2016].
- COSTAS, Xosé-Henrique (coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Bertamiráns: Edicións Laivento.
- CRYSTAL, David (2008) *Txtmg: the Gr8 Db8*. Oxford: Oxford University Press.
- CRYSTAL, David (2011): *Internet linguistics: a student guide*. Abingdon / Oxon / New York: Routledge.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERREIRO, Manuel (1999): *Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laivento.
- FERREIRO, Manuel (2001): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laivento.
- FIORMONTE, Domenico (2003): *Scrittura e filologia nell'era digitale*. Milano: Bollati Boringhieri Editore.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (1998²⁰⁰⁶): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2009): *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2013): *Estilística da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- GALÁN RODRÍGUEZ, Carmen (2007): «Cncta kn nstrs: los SMS universitarios (Conecta con nosotros: los SMS universitarios)», *Estudios de Juventud* 78, 63-73.
- GARCÍA BENITO, Ana Belén (2003): «Xi! Puxa! Hum...Glub! Glub! O el léxico coloquial portugués en 'A Banda Desenhada'», *Anuario de Estudios Filológicos* 26, 157-170.
- KASESNIEMI, Eija Liisa / Pirjo RAUTIAINEN (2002): «Mobile culture of children and teenagers in Finland», en J. E. Katz / M. Aakhus (eds.), *Perceptual contact: mobile communication, private talk and public performance*. Cambridge: Cambridge University Press, 170-192.
- LABOV, William (1996): *Principios del cambio lingüístico*. Madrid: Gredos.
- LÓPEZ ALONSO, Covadonga (2003): «El correo electrónico», en Covadonga López Alonso / A. Séré (eds.), *Nuevos géneros discursivos: los textos electrónicos*. <<http://elies.rediris.es/elies24/>> [consulta: 12/02/2016].
- LÓPEZ VIÑAS, Xoán / Cilha LOURENÇO MÓDIA / Marisa MOREDA LEIRADO (2010): *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*. A Coruña: Baía Edicións.
- MAYANS, Joan (2002): «De la incorrección normativa en los chats», *Revista de investigación lingüística* 2, 5, 101-116.
- McLUHAN, Marshall (1967): *El medio es el mensaje: inventario de efectos*. New York: Paidós Estudio.
- MONTEAGUDO, Henrique (2004): «A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego», en Xan Bouzada / Henrique Monteagudo (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Volume III: *Difusión da lingua*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 37-130.
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2012): «Novos retos da Lingüística: as textualidades electrónicas. Consideracións sobre a escrita dos chats e das SMS», *LLJournal* 7, 1. <<http://ojs.gc.cuny.edu/index.php/lljournal/article/view/1147/1250>> [consulta: 16/01/2016].
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2013a): «A escrita SMS desde a perspectiva dos seus utentes. Unha achega sobre a lingua galega», *Madrygal* 16, 63-71.

- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2013b): *Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS*. A Coruña: AS-PG.
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2015): «Linguas en contacto na escrita electrónica galega: entre a sociolingüística e a pragmática», *Madrygal* 18, 73-82.
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía (2016): «A variación diatópica como estratexia pragmática na escrita electrónica galega», en Xosé Manuel Sánchez Rei / Maria Aldina Marques (orgs.), *As ciéncias da linguagem no espaço galego-português. Diversidade e convergência*. Braga: Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho / Edições Húmus, 163-178.
- MOSQUERA CASTRO, Estefanía / Matthew P. WELLINGS (2014): «Os códigos lingüísticos da rede e a paisaxe lingüística galega», *Estudos de Lingüística Galega* 6, 173-197.
- PALACIOS, Jesús / Cesar COLL / Álvaro MARCHESI (1991): *Desarrollo psicológico y educación infantil. I. Desarrollo del lenguaje*. Madrid: Alianza.
- PLESTER, Beverly / Clare WOOD / Puja JOSHI (2009): «Exploring the relationship between children's knowledge of text message abbreviations and school literacy outcomes», *British Journal of Developmental Psychology* 27, 145-161.
- PLESTER, Beverly / Clare WOOD / Victoria BELL (2008): «Txt msg n school literacy: does mobile phone use adversely affect children's attainment?», *Literacy* 42, 137-144.
- PONS MOLL, Claudia (2003): «Els xat :) la ludoteca de la llengua», *Interlingüística* 13 (3), 273-282.
- RIBALTA, Aurelio (1910): «Nota sobre a reforma da ortografía gallega», en *Libro de Konsagración. Feixe de poesías galegas*. Madrid: Fiz Moliner, 139-165.
- SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (2011): *Lingua galega e variación dialectal*. Noia: Laivento.
- SANTAMARINA, Antón (1975): «Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)», *Verba* 2, 307-323.
- SEMPERE, Pedro (2007): *McLuhan en la era de Google. Memorias y profecías de la aldea global*. Madrid: Popular.
- SPILIOTI, Tereza (2009): «Graphemic representation of text-messaging: alphabet-choice and code-switches in Greek SMS», *Pragmatics* 19, 3, 393-412.
- TASCÓN, Mario / Mar ABAD (2011): *Twittergrafía. El arte de la nueva escritura*. Madrid: Catarata.
- TEIXEIRA, José (2008): «Língua portuguesa e as novas tecnoloxías de comunicación: as dinámicas da(s) escrita(s)», *Diacrítica. Série Ciências da Linguagem* 22, 1, 107-127.
- THURLOW, Crispin (2006): «From statistical panic to moral panic: the metadiscursive construction and popular exaggeration of new media language in the print media», *Journal of Computer-Mediated Communication* 11, 3, 667-701.
- THURLOW, Crispin / Michelle POFF (2013): «Text Messaging», en Susan Herring / Dieter Stein / Tuirja Virtanen (eds.), *Handbook of the pragmatics of CMC*. Berlín / New York: Mouton de Gruyter, 163-190.
- TORRES I VILATARSANA, Marta (2004): «Aproximació a l'escriptura ideofonemàtica o netspeak català», en *II Congreso ONLINE del Observatorio para la CiberSociedad*. <http://www.cibersociedad.net/congres2004/grups/fitxacom_publica2.php?grup=86&=es&id=671> [consulta: 17/01/2016].
- VELA DELFA, Cristina (2005): *El correo electrónico: el nacimiento de un nuevo género*. Tese de doutoramento. Universidad Complutense de Madrid. <<http://biblioteca.ucm.es/tesis/fl/ucm-t29391.pdf>> [consulta: 05/05/2011].
- WARDHAUGH, Ronald (1992): *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- YUS, Francisco (2001): *Ciberpragmática*. Barcelona: Ariel.
- YUS, Francisco (2010): *Ciberpragmática 2.0. Nuevos usos del lenguaje en Internet*. Barcelona: Ariel.